



DITAME SOBRE O DECRETO POLO QUE SE REGULA A ESTRUCTURA, FUNCIONAMENTO, ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DA FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL, EDUCACIÓN DE ADULTOS E ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia na súa sesión do día 8 de marzo de 2006, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de Decreto polo que se regula a estrutura, funcionamento, organización e planificación da formación permanente do profesorado de educación infantil, primaria, secundaria, formación profesional e ensinanzas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- O Consello Escolar de Galicia propón que no título do proxecto de decreto e no artigo 1, se substitúa a expresión “... regula a estrutura, funcionamento, organización e planificación da formación permanente...”; pola seguinte: “... regula a planificación, estrutura de xestión, organización e funcionamento da formación permanente...”.

2.- Na exposición de motivos, primeiro parágrafo, onde di: “... e que esta formación abarcará todos os ámbitos da formación coa finalidade...”; proponse que diga: “e que esta formación abarcará todos os seus ámbitos coa finalidade...”.

3.- No parágrafo sexto da exposición de motivos, cando se fai referencia á experiencia acumulada ao longo dos cinco anos de implantación da estrutura definida polo Decreto 245/1999, non se citan cales son os motivos polos que se aconsella a modificación. Neste sentido, o Consello Escolar de Galicia insta á Administración educativa a que faga referencia a ese balance que aconsella a necesidade de modificación.

4.- No relativo ao parágrafo sétimo da exposición de motivos, proponse a súa substitución polo seguinte: “Trátase, polo tanto, de establecer unha formación continua sensible ás necesidades do profesorado, ás demandas sociais e ás recomendacións dos organismos internacionais, aberta á colaboración con institucións académicas e outras de recoñecido prestixio e valor no ámbito educativo, inserta no contorno sociocultural e lingüístico e suxeita aos procesos avaliativos que garantan a súa calidade e favorezan a súa mellora continua.



5.- Para o artigo 1, o Consello Escolar de Galicia propón que se engada despois de: "educativa", o seguinte texto: "... concibindo a formación do profesorado como un deber e un dereito que a Administración educativa debe garantir a todo o profesorado".

6.- No artigo 2, onde di: "... ás prioridades do sistema educativo e desenvolvido a través..."; propónse que diga: "... ás prioridades do sistema educativo e ás necesidades do profesorado, e desenvolvido a través...".

Así mesmo, onde di: "O ámbito de aplicación será a formación do profesorado que imparte docencia na educación infantil, ..."; propónse que se substitúa polo seguinte texto: "O ámbito de aplicación será a formación do profesorado de educación infantil, ...".

7.- O Consello Escolar propón que o título do Capítulo II sexa como segue: "Planificación e avaliación da formación permanente do profesorado".

8.- No artigo 3, propónse engadir despois da expresión: "Plan Marco de formación permanente do profesorado en Galicia"; o seguinte texto: "... e segundo o fixado no Plan Xeral de Normalización Lingüística".

Así mesmo, propónse substituír ao final do artigo a expresión "... aprobado polo conselleiro ou conselleira"; polo seguinte: "... aprobado pola conselleira ou conselleiro".

Nese mesmo artigo, propónse que despois da expresión: "A duración non será superior a seis anos", se inclúa o texto seguinte: "Estará dotado orzamentariamente coas contías suficientes para o desenvolvemento dos plans trianuais e a súa execución en cada un dos exercicios. Será sometido a ditame do Consello Escolar de Galicia".

Tamén se propón a inclusión ao final do artigo o seguinte texto: "... previa negociación na Mesa Sectorial Docente non universitaria".

9.- No artigo 9, primeiro parágrafo, propónse a substitución do texto: "A finalidade da avaliación será comprobar e analizar os resultados obtidos no seu desenvolvemento"; polo seguinte: "A finalidade da avaliación será analizar e contrastar os procesos e resultados obtidos no desenvolvemento da formación".

No segundo parágrafo propónse a inclusión de: "procesos e" inmediatamente antes de: "resultados". Ao final do parágrafo, propónse a substitución de "resumo" por "informe".

Para o último parágrafo do artigo 9, propónse unha nova redacción: "Ao remate da cada Plan trianual e do Plan Marco de formación permanente do profesorado, a Consellería de



Educación e Ordenación Universitaria constituirá unha comisión plural integrada polos diferentes sectores a quen se dirixe a planificación, desenvolvemento, xestión e participación na formación permanente do profesorado para realizar a avaliación da formación impartida e da súa repercusión no sistema educativo. Así mesmo, contará cun proceso de avaliación externa deses plans de formación”.

10.- Para o artigo 10, propónse que se inclúa a expresión “valoración” entre as funcións enumeradas na primeira liña do dito artigo. Así mesmo, propónse que ao final do texto se incorpore a seguinte expresión: “... previa negociación na Mesa Sectorial Docente non universitaria”.

11.- Propónse para o artigo 12 que se engada un novo apartado a) co seguinte texto: “Planificar, dende o principio da participación, as liñas prioritarias de actuación que servirán de referente para a formación permanente do profesorado”.

Tamén se propón que se engada ao final do apartado d) o seguinte texto: “... e educativa”.

O apartado b) manteríase como tal; o apartado a) do proxecto pasaría a ser o apartado c); o apartado c) a d); e así sucesivamente ata o final.

12.- No artigo 13, propónse que se substitúa o texto: “As direccións xerais responsables da formación do profesorado contarán con eles para desenvolver os diversos programas que se planifiquen”; polo seguinte: “As direccións xerais responsables da formación do profesorado contarán con eles para desenvolver e, se é o caso, participar na elaboración dos diversos programas que se planifiquen”.

13.- Para o artigo 14, propóñense as seguintes cuestións:

- Modificar o apartado a) que quedaría como segue: “Recompilar, actualizar e difundir a información oportuna sobre as diferentes áreas de coñecemento e de intervención didáctica e profesional”.
- Engadir ao final do apartado b) o seguinte texto: “... á que cada un estea adscrito”.
- No apartado d), cambiar: “... da dirección xeral...”; por: “... das direccións xerais...”.
- No apartado e), substituír a expresión: “... , así como da incidencia da formación na ...”; polo seguinte: “... , así como na apreciación da incidencia de tales plans de formación na ...”.
- Cambiar: “Promover”, por: “Propoñer”, no apartado g).



14.- No título do artigo 15, propónse que se engada a expresión: “avaliación”.

15.- Para o artigo 16, propónse substituír a expresión: “curso”; pola expresión: “acción”.

16.- No artigo 17 e a continuación da expresión “Os centros de formación e recursos”, propónse que se engada o seguinte acrónimo entre paréntese, tal e como se indica: “(CFR)”.

Nese mesmo artigo, na segunda liña, onde di: “... organización da formación permanente ...”; debe dicir: “... organización, coordinación e avaliación da formación permanente ...”.

No último parágrafo deste artigo, propónse a substitución da expresión: “ensinanza”, por: “formación”.

17.- No apartado d) do artigo 18, propónse cambiar a expresión: “impulsar”, por “fomentar”. Nese mesmo artigo propónse a inclusión dun novo apartado l) co seguinte texto: “Participar nos estudos e nas accións de avaliación relativos á formación permanente do profesorado”.

Así mesmo, propónse engadir unha nova función que faga referencia a promover accións formativas que teñan como obxecto o fomento da convivencia nos centros educativos.

18.- Para o artigo 19, propónse que se substitúa o texto: “... os centros de formación e recursos deberán elaborar o seu Proxecto de centro no que quedarán definidos os principios de actuación, o modelo de asesoramento, os procesos que orienten as súas propostas anuais, o modelo de avaliación, ...”; polo seguinte: “... os centros de formación e recursos deberán elaborar o seu Proxecto específico de centro no que quedarán definidos cando menos os principios de actuación, os procesos que orienten as súas propostas anuais, os procesos de avaliación, ...”.

19.- No artigo 21, último parágrafo, propónse substituír a expresión: “curso”; pola expresión: “acción”.

En relación con este artigo o Consello Escolar de Galicia propón que na selección dos postos de dirección dos CFR, as persoas que opten a un posto destas características, presenten un proxecto no que expliquen as liñas e propostas de traballo perante o consello do centro e que, o informe que emita o propio consello, teña un peso de seu á hora de proceder á selección e ao nomeamento.

20.- Para o apartado d) do artigo 22, propónse que se engada o seguinte texto: “sen prexuízo das competencias do equipo de asesores e do Consello de Formación”.



Nese mesmo artigo, propónse a inclusión, onde corresponda, dun novo apartado: “Facilitar a coordinación co resto dos Centros de Formación e Recursos e outras institucións da súa demarcación que poidan favorecer a realización das actividades de formación”.

21.- No artigo 23, propónse engadir despois de: “redución horaria correspondente”; o seguinte texto: “nun máximo do 50%”.

Nese mesmo artigo, propónse a inclusión dun novo parágrafo co seguinte texto: “Ademais das causas de cese que se determinen a través da normativa que desenvolva o presente decreto, o secretario ou secretaria cesará, en todo caso, ao rematar o seu nomeamento como asesor ou asesora”.

22.- O Consello Escolar de Galicia propón á comisión técnica encargada da redacción do decreto que revise e clarifique o apartado c) do artigo 26 por non estar claro o que se pretende que faga o equipo de asesores con esa función. Así mesmo, propón que se revise no texto do decreto e concretamente nos artigos 18, 22, 26 e 30, a referencia que aparece en singular a: “... o plan de formación”. Nos artigos 4, 5 e 6 fala de “... plans de formación” en referencia ao plan xeral de formación do profesorado e ao plan específico para o profesorado de formación profesional, polo que seguramente nos artigos 18, 22, 26 e 30, a referencia debería ser en plural.

23.- No artigo 27, no parágrafo segundo, propónse engadir ao final a seguinte expresión. “... e a competencia suficiente para desenvolver o seu traballo no noso idioma”.

Así mesmo, no apartado que recolle os diferentes perfís de asesoría, o Consello Escolar de Galicia propón o seguinte:

- Incluir un novo apartado: Área ou ámbito de educación de adultos. O lugar da súa situación podería ser entre os apartados n) e o).
- Engadir ao apartado e) Área ou ámbito de lingua galega, a seguinte expresión: “... e normalización lingüística”.
- Cambiar o apartado referido a: “Área ou ámbito de educación artística”, polo seguinte: “Área ou ámbito de ensinanzas de réxime xeral (artes, música, danza, etc.)”.

24.- No apartado b) do artigo 33, propónse que se engada ao final do texto o seguinte: “facendo as achegas que se consideren necesarias”.

Tamén se propón engadir dúas novas funcións no lugar que correspondan: “Aprobar o orzamento de gastos de funcionamento do centro de formación e recursos” e “Aprobar os



proxectos de formación e asesoramento en centros, grupos de traballo e seminarios permanentes”.

25.- Artigo 34, primeiro parágrafo; onde di: “... regulará as condicións nas que os centros educativos que impartan...”; propónse que diga: “... regulará as condicións nas que os centros educativos completos que impartan...”.

Propónse tamén a inclusión do texto seguinte antes do terceiro parágrafo: “O coordinador de formación contará cos medios precisos para exercer as súas funcións, entre eles as axudas de custo e locomoción estipuladas oficialmente”.

No último parágrafo deste artigo, propónse que se substitúa a expresión: “... deberá asistir a unhas xornadas de formación”; pola seguinte: “... deberá participar nunha actividade formativa”. Así mesmo, propónse que se engada ao final deste parágrafo o seguinte texto: “... e que se poderán celebrar dentro do horario lectivo”.

Tamén se propón a inclusión dun novo parágrafo ao final do artigo, co seguinte texto: “Nos centros privados concertados a designación da persoa coordinadora de formación do profesorado levarase a cabo entre os docentes dos niveis concertados de acordo co establecido na súa lexislación específica”.

26.- O Consello Escolar de Galicia propón que a comisión técnica encargada de redactar o proxecto de decreto revise unha vez máis o texto para corrixir o que parecen ser erros de redacción, como por exemplo: no artigo 18 aparecen nomeados dous apartados coas letras “k” e “j” que non existen no galego. No artigo 25, onde di: “O secretario do centro que actuará secretario”; debe dicir: “O secretario do centro que actuará *como* secretario”.

O Secretario,

V. e Pr.,
A Vicepresidenta,

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

Asdo.: Milagros Blanco Pardo